



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE CARBALLO

TOMO XII
MEMORIA AMBIENTAL

fc | a
arquitecturaurbanismo

alvaro fernandez carballeda
arquitecto

decembro2014

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
2. INFORME DA INTEGRACIÓN NO PXOM DAS CONSIDERACIÓNS EXPOSTAS NA MEMORIA AMBIENTAL.....	1

ANEXO: MEMORIA AMBIENTAL

1. INTRODUCCIÓN

Para dar correcto cumprimento a esta última fase do proceso de AAE, ou Concello de Carballo procedeu á incorporación dos condicionantes establecidos na Memoria Ambiental emitida polo órgano ambiental, mediante Resolución da Secretaría xeral de calidade e avaliación ambiental, do 2 de decembro de 2014.

Tras a reunión mantida co Concello de Carballo como administración promotora do Plan, establécense os cambios no PXOM necesarios para dar cumprimento ás determinacións establecidas na Memoria Ambiental, engadíndoos ao documento de Aprobación Provisional.

Estes cambios detállanse a continuación.

Co fin de facilitar o análise da incorporación dos aspectos establecidos na Memoria Ambiental (en diante MA), no presente apartado incorpórase a mesma denominación e orden establecido no apartado 4 “DETERMINACIÓN FINAIS”, da mencionada MA, os extractos das determinacións feitas e, a continuación, a xustificación da súa incorporación na documentación do Plan Xeral.

2. INFORME DA INTEGRACIÓN NO PXOM DAS CONSIDERACIÓNS EXPOSTAS NA MEMORIA AMBIENTAL

1. En relación ao risco de inundación presente no Concello, deberán actualizar a documentación presentada incorporando os mapas provisionais de perigosidade e risco de inundación que fixo públicos a Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa. Así mesmo, dado que parte do entramado da vila de Carballo (solo urbano consolidado e non consolidado) e dos sectores urbanizables S-14, S-R6 e S-11 están inseridos en zonas de fluxo preferente, a proposta de planeamento no solo urbano e o desenvolvemento dos sectores mencionados deberán averse ás prescricións recollidas tanto no PHGC como no informe preceptivo que debe emitir Augas de Galicia.

Incorpóranse na documentación do PXOM os mapas provisionais de perigosidade e risco de inundación que fixo públicos a Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa en setembro do ano 2014, no Tomo V Planos de Información Urbanística.

Calquera actuación urbanística que desenvólvese como consecuencia da aplicación do PXOM, deberá cumprir as normas sectoriais en vigor, entre as que atópanse o Plan Hidrolóxico Galicia Costa que estea nese momento en vigor. Esta consideración terase especialmente en conta no solo urbano e os sectores de solo urbanizable afectados polas zonas de cautela vinculadas aos cursos fluviais que percorren o Concello (zona de servidume, zona de policía y zona de fluxo preferente).

Así mesmo, os novos desenvolvementos urbanísticos deberán ter especialmente en conta o establecido no artigo 42 do PHGC, así como no informe preceptivo que debe emitir Augas de Galicia de acordo co artigo 39 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia; o aqueles que as modifiquen o substitúan.

2. O Plan Parcial do sector de solo urbanizable industrial S-I2, os Plans Especiais dos parques urbanos do río Anllóns (PE-3) e da Cristina (PE-4) e os Plans Especiais de Pedra do Sal (PE-1) e de Razo-Arnados (PE-2), deberán desenvolverse de acordo ás consideracións establecidas nesta memoria, integrando ditas consideracións nas correspondentes fichas de desenvolvemento, debendo contar previo á súa execución co informe favorable da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

As fichas correspondentes dos desenvolvementos PE-1, PE-2, PE-3 y PE-4, ten engadida esta consideración do xeito seguinte:

As ferramentas de desenvolvemento urbanístico do ámbito deberán contar con informe favorable previo da consellería competente en materia de conservación da natureza.

Na ficha do desenvolvemento S-I2, engadiuse esta mesma consideración.

Ademais, incorporouse a necesidade de ter en conta as consideracións definidas na Memoria Ambiental nos desenvolvementos citados, do xeito seguinte:

S-I2

O instrumento de desenvolvemento que execute esta actuación (Plan Parcial), deberá comprobar a posible presenza do hábitat 4020 e, en función dos resultados obtidos, avaliar a incidencia da actuación sobre el, propoñendo, segundo corresponda, as medidas de mitigación, corrección ou compensación oportunas.*

PE-1

O plan deberá considerar as determinacións do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

PE-2

O plan deberá considerar, no ámbito incluído dentro da ZEC “Costa da Morte” e da ZEPA “Costa da Morte Norte”, as determinacións do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia; e no ámbito sito fora destes espazos protexidos, o establecido no punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

PE-3

Co obxectivo de evitar efectos negativos sobre os hábitats de interese comunitario presentes no ámbito, deberase ter en conta o establecido no punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

PE-4

Co obxectivo de evitar efectos negativos sobre os hábitats de interese comunitario presentes no ámbito, deberase ter en conta o establecido no punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, así como as determinacións do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

3. No caso das charcas de auga formadas nas **antigas minas de Brea**, calquera actuación que se pretenda desenvolver no seu ámbito, deberá ter en conta a probable presenza de anfibios entre os que se atopan especies protexidas como a *Chioglossa lusitanica*, *Hyla arborea*, *Rana iberica* e/ou *Rana temporaria*, polo que se minimizarán as afeccións sobre as mesmas en caso de que se determine a súa presenza e, en todo caso, deberá ser informada pola D.X. de Conservación da Natureza.

As citadas charcas existentes na zona de A Brea, sobre as antigas minas agora en desuso, clasifícanse como solo rústico de protección ordinaria, xa que como consecuencia do desenvolvemento da actividade mineira carecen de calquera valor que os fagan merecedores dunha especia protección. Co anterior, e de acordo co establecido no artigo 32.1 da LOUG, trátase de terreos que o planeamento urbanístico estiman inadecuados para o seu desenvolvemento urbanístico.

No obstante, co obxectivo de dar cumprimento á Memoria Ambiental, incluírase na Normativa do PXOM, no TÍTULO X. REGULACIÓN DO SOLO RÚSTICO, o seguinte:

Calquera actuación que se pretenda desenvolver no ámbito das antigas minas de Brea, clasificadas no PXOM como solo rústico de protección ordinaria, deberá ter en conta a posible presenza de anfibios de especies protexidas, procurando minimizar as afeccións sobre as mesmas en caso de que se determine a súa presenza e, en todo caso, deberá ser informada pola consellería competente en materia de conservación da natureza.

4. Deberanse integrar no documento definitivo as **condicións establecidas no informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural** con data 16.06.2014.

En canto a Paisaxe, en canto ó tratamento do núcleo de Arnados e a súa Area de Recualificación, aparte das especificacións contidas ata o da gora no PXOM en canto ao Plan Especial de Protección e os Plans Especiais das Actuacións Integrais, de cara a garantir os obxectivos da preservación do Paisaxe e unha formalización adecuada da fachada marítima, establécese de novas no PXOM a obriga de realizar previamente á concesión de licencias nas parcelas que conforman a fachada ó mar un Estudio da Fachada Marítima onde se definan as condicións estéticas para esta zona (Apartados 7.2.5.1. e 8.1.3.4. da memoria) . Así mesmo para evitares unha posible disfuncionalidade da ordenación das tres actuacións integrais previstas na zona, incorpórase nas fichas de desenvolvemento dos Planes Especiais das tres Actuacións Integrais de Arnados a obriga dunha coordinación entre eles, tanto nos criterios como na propia ordenación.

O plan incorpora as condicións establecidas no informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 16-06-2014.

5. En relación ao **estudo acústico**, deberán corrixirse os mapas de zonificación acústica e incluír os obxectivos acústicos para os sectores urbanizables atendendo ao establecido no artigo 14 do Real Decreto 1367/2007 do 19 de outubro. Así mesmo, deberán definirse con detalle nesta fase as medidas para a zona 1 de conflito, xustificando o cumprimento dos obxectivos no ámbito S-R3, aspectos que deberán quedar recollidos na normativa do Plan parcial de dito sector.

Corríxense os mapas de zonificación acústica (serie de planos SV-06).

No Anexo III. ESTUDO DA ZONIFICACIÓN ACÚSTICA do ISA, incorpórase explicitamente o obxectivo de calidade acústica aplicable nos sectores de solo urbanizable, do xeito seguinte:

Nas novas áreas urbanizadas (os sectores de desenvolvemento) o obxectivo de calidade acústica será a non superación do valor que lle sexa de aplicación (táboa A do Anexo II do Real Decreto 1367/2007), diminuído en 5 decibelios.

Neste sentido establecer que para a identificación das zonas de conflito (apartado 4 do citado Anexo III) séguese o seguinte criterio: o seu uso predominante ten que ser diferente e os seus obxectivos de calidade acústica diferir en máis de 5dB(A). Co anterior, as zonas de conflito ten que acoller usos diferentes, ademais de diferir en máis de 5dB(A) os seus obxectivos de calidade acústica.

No caso particular da zona de conflito 1, asociada ao contacto entre o sector de solo urbanizable residencial S-R3 (sector que conta con Plan Parcial aprobado en base ao anterior PXOM do ano 2003), e o solo urbano consolidado de uso industrial do polígono de Bértoa, ambas as dúas zonas contan con ordenación detallada, o que permite comprobar que foi tido en conta o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica. Así, no caso da zona industrial, a totalidade das parcelas en contacto co sector urbanizable residencial acollen usos dotacionais (espazos libres e equipamentos); e no caso do sector residenciais, as súas cesións dotacionais tamén localízanse límite norte, en contacto co polígono industrial, dando continuidade ás existentes. Desta forma, búscase garantir o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica, xa que as zonas dotacionais actúan de barreira sonora entre os usos.

O obxectivo de calidade acústica para estas zonas é o seguinte:

Tipo de área acústica	Índices de ruído		
	Ld	Le	Ln
S-R3: Solo urbanizable con predominio de uso residencial.	60	60	50
Polígono industrial de Bértoa: solo urbano con predominio de uso industrial.	75	75	65

Dando cumprimento ao establecido na Memoria Ambiental, a fin de garantir o cumprimento do obxectivo de calidade acústica no ámbito do sector S-R3, incluírase na ficha do sector a necesidade de realizar medicións sonoras ao longo das parcelas de uso residencial máis próximas ao polígono de Bértoa, unha vez confluídas as obras de urbanización do sector, co fin de no caso de non cumprirse os obxectivos de calidade acústica establecidos, se establezan as medidas correctoras necesarias que garantiren o seu cumprimento.

Carballo, decembro de 2014

O equipo redactor do PXOM



Fdo.: Álvaro Fernández Carballada.

Arquitecto

ANEXO: MEMORIA AMBIENTAL



RESOLUCIÓN DO 2 DE DECEMBRO DE 2014, POLA QUE SE FORMULA A MEMORIA AMBIENTAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO PROMOVIDO POLO CONCELLO DE CARBALLO (EXPEDIENTE 2010AAE0077, CÓDIGO WEB 1142/2010)

Con base na proposta de resolución do Servizo de Avaliación Ambiental, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación de determinados plans e programas no ambiente derivada da transposición á lexislación estatal da Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ten por obxecto promover un desenvolvemento sustentable, conseguir un elevado nivel de protección do medio e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación de determinados instrumentos de planificación, como son os plans xerais de ordenación municipal, mediante a realización dun proceso de AAE.

A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, indica no seu artigo 5.b) que os plans xerais de ordenación municipal serán en todo caso obxecto de AAE prevista na Lei 9/2006, do 28 de abril.

O Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo establece que a utilización do recurso solo debe facerse segundo o principio de desenvolvemento sostible, en virtude do cal se debe propiciar o uso racional dos recursos naturais harmonizando os requirimentos sociais, económicos e a protección do ambiente.

Coa entrada en vigor da Lei 2/2010, do 25 de marzo, o procedemento de AAE pasa a constituír parte do propio proceso de tramitación do planeamento urbanístico, de conformidade co sinalado no artigo 7.1 da Lei 9/2006, do 28 de abril. Así mesmo, a Lei 2/2010, do 25 de marzo, sinala no seu artigo 85.4, o deber de valorar por parte do órgano ambiental a vixencia do ISA no caso de que transcorresen tres anos ou máis dende que se emitiu o DR ata a chegada da documentación para Memoria ambiental (MA).

O Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, tendo a condición de órgano ambiental competente na Comunidade Autónoma de Galicia para a tramitación do procedemento de AAE, segundo o disposto no artigo 5 da Lei 9/2006, do 28 de abril.

1. DESCRICIÓN DO PLAN

O Concello de Carballo localízase no noroeste da provincia da Coruña, limitando ao norte co océano Atlántico, ao sur co Concello de Tordoia, ao oeste con Coristanco, Ponteceso e Malpica de Bergantiños, e ao leste con Arteixo, Laracha e Cerceda. Conta cunha superficie de 186 km², constituíndo un dos municipios de maior extensión da provincia; e unha poboación de 31.366 habitantes (IGE, 2013) repartida nas súas 18 parroquias.

Carballo, capital da comarca de Bergantiños, queda enclavado entre dúas importantes cidades de Galicia: A Coruña e Santiago de Compostela. A comarca está formada por unha ampla depresión que se corresponde co val de Anllóns, onde se concentra boa parte da poboación ademais das principais actividades económicas.

Tras a anulación por sentenza xudicial do PXOM aprobado definitivamente o 20.05.2003, o Concello de Carballo réxese actualmente polas NSP aprobadas o 16.06.1978.





A proposta de ordenación do PXOM contempla

- Solo urbano consolidado: 2 PERI nas zonas residenciais de “Grupo Ferreiro” e “As Casas dos mestres”.
- Solo urbano non consolidado: todas as unidades urbanas (UU) son de uso residencial (21R e unha D), en total 22, e respecto ao documento de aprobación inicial incorpóranse seis novas froito dos informes sectoriais e das alegacións presentadas. A superficie total clasificada como SUNC é de 315.482,8 m².
- Solo urbanizable delimitado: un total de 16 SUND para colmatar e pechar a malla urbana e completar os sistemas viarios estruturantes da vila. O resultado son 4 industriais, 3 terciarios e 9 residenciais. Nos sectores dos S-I1, S-I2 e S-R3, recolléronse as delimitacións como herdanzas asumidas pola ordenación do anterior planeamento.
- Solo urbanizable delimitado de disposición transitoria: delimitábase de acordo á disposición transitoria decimo terceira da LOUG para os asentamentos xurdidos á marxe do planeamento, e son S-R1, S-R2 e S-R12.
- Solo de núcleo rural: actuacións integrais en solo de núcleo rural (ARI), 3 delas no núcleo de Arnados e outra no núcleo de As Labradas.
- Plans especiais de protección e dotacións P.E. 1 “A Pedra do Sal”, P.E. 2 “Razo- Arnados”, Plan especial de infraestruturas e dotacións P.E. 3 “Río Anllóns”, e P.E.4 “A Cristina”. Os dous primeiros recollen actuacións derivadas dos criterios da Demarcación de Costas do Estado, como a delimitación de dous sistemas xerais de dotacións “Os Areos” e “Praia de Razo”, a recondución do tráfico rodado en Razo a través dun sistema viario paralelo á liña de costa, así como a previsión de sendas litorais peonís.

Tendo en conta os datos existentes e as actuacións previstas polo Plan, sumarían un total de 29.940 vivendas previstas nos distintos tipos de solos, podendo concluír que o crecemento de Carballo concéntrase no solo urbano consolidado, sendo este o resultado de colmatar as parcelas baleiras segundo as ordenanzas previstas.

No que respecta a **actuacións propostas a escala territorial**, na memoria xustificativa estrutúranse do seguinte xeito:

- Infraestruturas de comunicacións. Rede de estradas e viarios: existen actuacións derivadas de administracións externas, como a variante de Carballo ou a vía de alta capacidade Carballo-Berdoias, e proxectos da administración local consistentes principalmente en vías estruturantes que completen os trazados das estradas existentes.
- Espazos libres e equipamentos: no solo urbano de Carballo fórmulase a reserva de zonas verdes para a creación dun grande parque urbano ao carón do leito do río Anllóns, o corredor no leito do rego da Balsa, áreas de equipamento no espazo libre do parque fluvial, ampliación do cemiterio municipal, un novo centro docente nunha zona próxima ao IES Monte Neme, e reserva de áreas de equipamentos distribuídas polo casco urbano.

Na táboa seguinte recóllese un resumo das superficies ocupadas polas principais categorías do solo, así como a porcentaxe que representa esta dentro da superficie total do Concello (os datos reflectidos foron extraídos da “Memoria xustificativa” que se inclúe na Memoria xeral

Tipo de solo	Superficie (m2)	%
Solo urbano	4.237.474	2,3
Solo urbanizable	1.716.289	0,9
Solo núcleo rural	11.276.019	6,2





Tipo de solo	Superficie (m ²)	%
Solo rústico	165.322.129	90,6
Total municipal	182.551.911	100

2. ANÁLISE DO PROCESO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL

2.1. Fitos do procedemento

O Concello de Carballo, como órgano promotor, presentou o 11.10.2010 o **Documento de inicio** do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo (en diante Plan ou PXOM).

O Documento de inicio foi exposto ao público a través da dirección web de avaliación ambiental estratéxica de plans e programas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, abríndose un prazo de **consultas** do 22.10.2010 ao 21.11.2010. Durante dito período, consultouse ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para que realizase os comentarios que estimase pertinentes en relación ao Plan.

Tomando como base o Documento de inicio e o resultado das devanditas consultas, elaborouse o **Documento de referencia** (DR) previsto polo artigo 9 da Lei 9/2006, do 28 de abril, con data do 13.12.2010.

O Concello de Carballo elaborou a **proposta de Plan** incluíndo o **Informe de sustentabilidade ambiental** (ISA), que foi aprobado inicialmente por acordo do Pleno da Corporación Municipal o 10.01.2013. Publicándose o seu anuncio no DOG núm. 15, do 22.01.2013, e nos xornais La Voz de Galicia e El Ideal Gallego do 17.01.2013, iniciouse o período de **participación pública e consultas** entre o 23.01.2013 e o 23.03.2013.

O 02.10.2014 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a documentación do PXOM, para que se elabore, por parte deste órgano ambiental, a presente **Memoria ambiental** (MA) debendo quedar reflectidas as súas determinacións no documento do Plan que se aprobe definitivamente

2.2. Resultados das consultas realizadas e da participación pública

O Concello de Carballo aprobou inicialmente o PXOM o 10.01.2013, documento que se someteu ao trámite de información pública e consultas polo prazo de dous meses, de acordo co artigo 85.2 da LOUG, tras a súa publicación no DOG núm. 15, do 22.01.2013 e nos xornais El Ideal Gallego e La Voz de Galicia dos días 17.01.2013 e 18.01.2013, respectivamente.

Na táboa seguinte expóñense os informes recibidos nesta fase de información pública e consultas. Nos casos nos que se emitiron varios informes indícase a data do último informe recibido con pronunciamento favorable. Todos os informes foron considerados e integrados na documentación, coa excepción das condicións establecidas no informe da D.X. de Patrimonio Cultural debido á súa data de emisión, polo que ditas condicións deberán estar recollidas na documentación definitiva.

Administracións públicas. Organismo		Resposta
Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio ambiente	Subdirección Xeral de Dominio público marítimo terrestre	06.05.2013
Ministerio de Fomento	Dirección Xeral de Aviación Civil	16.04.2013
Ministerio de Facenda e	Sección de Patrimonio do Estado	19.03.2013





Administracións públicas. Organismo		Resposta
Administracións Públicas		
Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo	Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas	19.03.2013
	Subdirección Xeral de Redes e Operadores de Telecomunicacións	20.03.2013
Ministerio de Defensa	Subdelegación de Defensa en Galicia. Área de Patrimonio	09.12.2013
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental	25.04.2013
	Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	23.04.2013
	Dirección Xeral de Conservación da Natureza	12.12.2013
	Instituto de Estudos do Territorio	09.12.2013
	Axencia Galega de Infraestruturas	16.09.2014
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	Augas de Galicia	
	Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	16.06.2014
Consellería do Medio Rural e do Mar	Portos de Galicia	20.05.2013
	Servizo de montes e industrias forestais	18.03.2013
Delegación territorial da Coruña	Xefatura territorial da Consellería de Economía e Industria	17.12.2013
Deputación Provincial da Coruña (en materia de estradas)		14.08.2013

A continuación resúmense os informes recibidos e a súa integración no Plan:

- A **Dirección Xeral Conservación da Natureza** solicita aportar a cartografía en formato dixital para poder valorar axeitadamente a proposta de planeamento, reflectir os límites dos espazos naturais de xeito individualizado e considerar a ampliación da Rede Natura 2000 que se atopa en tramitación, ademais de completar a valoración dos efectos realizada, xustificando a clasificación do solo proposta. En canto ás especies protexidas, sinala que o ISA limitase a aportar un listado de especies sen realizar unha análise dos efectos do planeamento sobre elas, xa que por exemplo o ISA di que “o desenvolvemento de actividades terciarias na vila de Carballo e Razo provocará a desaparición da vexetación existente nesas superficies o que leva asociada a fauna que nidifica ou campa na mesma”, sen concretar as especies afectadas; ou que as antigas minas de Brea cualificadas como solo rústico de protección ordinaria, integran charcas que posiblemente acollan especies de anfibios protexidas. Ao respecto, sinala que non se pode afirmar que a clasificación e ordenación proposta garanta o mantemento nun estado de conservación favorables dos valores ambientais protexidos. En relación aos hábitats situados fóra da Rede Natura 2000, en coherencia co sinalado na Lei 42/2007, solicita a súa identificación e incorporación na cartografía, avaliando axeitadamente posibles afeccións da proposta, tendo en conta que algunhas das actuacións poden afectar a hábitats de carácter prioritario, como por exemplo, as actuacións planeadas como espazo libre e zona verde nas ribeiras dos ríos Anllóns e rego da Balsa (parque urbano) ou os plans especiais para ordenación do bordo litoral para acoller áreas de dotacións, accesos e servizos, ou respecto da ampliación do Polígono de Bértoa.

Ademais, en relación á normativa do PXOM solicita que se integre a normativa sectorial relacionada coa conservación da natureza e se establezan os usos máis axeitados en cada caso e zona nas ordenanzas relativas ao solo rústico de protección de espazos naturais, así como o feito de que a Dirección Xeral informará, e de ser o caso, autorizará, as actuacións que desenvolvan o PXOM que podan afectar aos valores naturais sinalados.





Ao respecto do anterior, o Concello de Carballo tivo en conta algunhas destas consideracións (xustificou a clasificación proposta para os espazos de interese natural, incluídos os humidais do IHG e os hábitats de interese comunitario, recolleu na normativa o Plan director da Rede Natura 2000 e ampliou a avaliación das afeccións do Plan sobre os valores ambientais detectados), no entanto quedaron sen xustificar outros aspectos recollidos no informe, como a análise sobre as especies ameazadas ou a avaliación sobre os hábitats fóra da Rede Natura tales como os incluídos na tesela existente no Polígono de Bértoa ou nas ribeiras dos ríos Anllóns e rego da Balsa.

Este órgano ambiental solicitou aclaración á D. X. de Conservación da Natureza para que informase sobre o axuste da proposta de planeamento a diversos aspectos que constan no informe, recibíndose informe favorable o día 1 de decembro de 2014.

- **O Instituto de Estudos do Territorio**, no informe emitido polo Servizo de Planificación da Paisaxe sinala que o PXOM tivo en **consideración a paisaxe** na toma de decisións sobre a planificación, se ben aprecia que o fai dun modo distinto na zona litoral e no resto do municipio, e considera que debería revisarse. Neste sentido, establece que o estudo da paisaxe incluído no ISA debería completarse afondando mais na caracterización da zona interior, analizando os diferentes elementos que compoñen as paisaxes e identificando os elementos ou áreas que presentan unha degradación paisaxística salientable; ademais propón a inclusión dun estudo sobre a paisaxe urbana na que se analicen os tipos de tramas ou texturas urbanas, cuncas visuais, elementos de especial valor, etc., de acordo á determinación 8.6 das DOT. Require tamén que se complete a análise dos efectos do PXOM tendo en conta os posibles efectos negativos sobre as áreas ou elementos de singular valor ou interese paisaxística, os efectos positivos nas áreas de paisaxe degradada e os efectos sobre o carácter singular de cada tipo de paisaxe. Ao respecto, o Concello de Carballo levou a cabo unha análise mais exhaustiva da paisaxe interior do termo municipal en especial de casco urbano de Carballo, analizando a súa calidade e fragilidade paisaxística, incluíndo unha análise da intervisibilidade e unha cartografía coas unidades consideradas.

Por outra banda, o Instituto considera que a **ordenación establecida no PXOM** e a maior parte das súas determinacións teñen en conta a paisaxe, e valora positivamente a atención ao deseño en Carballo para acadar un bo proxecto. No entanto, indica que o contido do plan podería mellorarse seguindo unha serie de recomendacións que aluden á necesidade de adoptar criterios para evitar a presenza de entramados inacabados, con paredes medianeiras á vista, rúas sen continuidade e espazos intersticiais baleiros ou parcialmente edificados. Para os ámbitos remitidos a plans de desenvolvemento afirma que se deberían establecer as condicións básicas de integración paisaxística da nova ordenación coa súa contorna (urbana ou rural) e recomenda que ditos plans conteñan un estudo da paisaxe. Con respecto a Arnados, sinala que debería estudarse en detalle a ordenación da fachada costeira do núcleo abordando aspectos (a composición do alzado conxunto de toda a fronte litoral, as condicións de peche das parcelas ou as condicións de urbanización do espazo público) mediante unha estratexia global nun único plan especial. Tamén recomenda establecer medidas de mellora respecto dos tramos de estradas con edificacións nas beiras que ofrecen unha imaxe inharmónica e constitúen áreas de paisaxe degradada. Con respecto á delimitación do solo rústico de especial protección paisaxística, sinala que non se inclúe ningunha área a maiores dos espazos sinalados polo POL, cando o plan recoñece a existencia de valores paisaxísticos noutras zonas.

En canto ás recomendacións sinaladas o Concello sinala que procedeu á redelimitación dalgúns sectores de solo urbano non consolidado e solo urbanizable como consecuencia da incorporación de criterios de remate e acabado de borde, continuidade de fachadas, evitando deixar fachadas tras eiras abertas de cara ao rústico, así como transicións bruscas entre a trama urbana e o medio rural próximo; á súa vez búscase unha continuidade que contribúa á mellora da calidade da paisaxe urbana, evitando xerar ocos e favorecendo a integración





paisaxística das actuacións propostas. Tamén sinala que nalgúns casos, a delimitación dos sectores procede da incorporación de ámbitos que se atopan en diferentes fases de desenvolvemento, pero que aínda constitúen solo urbano consolidado. Neste caso, o Plan recolle estes sectores como ámbitos de planeamento de desenvolvemento en vez de incluílos nun réxime transitorio, por consideracións puramente xurídicas consecuencia dunha anulación do planeamento xeral anterior. Non se integrou, no entanto, a consideración de englobar nun único Plan especial unha estratexia para o estudo en detalle da ordenación da fachada costeira do núcleo de Arnados.

- **A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo** realiza unha serie de consideracións en materia de costas, sen prexuízo de que antes da aprobación definitiva emita o correspondente informe conforme ao artigo 117.2 da lei de costas. Solicita introducir novas determinacións ou corrixir algunhas imprecisións da normativa urbanística do PXOM referidas ao réxime urbanístico do solo, ás condicións para a protección do patrimonio cultural, natural, ambiental e das infraestruturas, e á regulación do solo rústico. Ademais, solicita revisar algúns planos e axustar a rede de saneamento nos núcleos de Razo e Pedra de Sal á lei de costas. O Concello responde que integrou as consideracións sinaladas na normativa do PXOM.
- **A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**, emitiu un primeiro informe de carácter desfavorable no que establecía as medidas a incluír e cuestións a revisar. En resposta ao anterior o Concello elaborou un anexo xustificativo que foi remitido á citada Dirección Xeral e sobre a que se emitiu un novo informe con data 16.06.2014, resultando de carácter favorable pero condicionado a que se incorporen no documento definitivo do PXOM unha serie de consideracións. Entre outras, solicita incluír algúns bens, revisar as fichas e a delimitación de varios elementos de natureza arqueolóxica, incluír na normativa a necesidade de dispoñer de informe favorable nos desenvolvementos urbanísticos, etc. No caso dos solos afectados por bens do patrimonio cultural sinala que se incorporarán nos seus criterios de deseño ou fichas de desenvolvemento que as edificabilidades propostas serán semellantes ás existentes no ámbito territorial no que se empraza o elemento protexido, así como que os espazos libres emprazaranse na parte do ámbito delimitado máis próxima aos elementos protexidos. Tamén solicita revisar a previsión dunha estrada a carón do Castro de Nión, que no seu caso, debería afastarse da área de protección integral. Está pendente a súa integración no Plan.
- **A Axencia Galega de Infraestruturas**, tras un primeiro informe desfavorable, informa favorablemente en canto á afección do PXOM sobre a rede autonómica de estradas de Galicia, de acordo a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Pola súa parte, a **Deputación da Coruña**, se ben informa favorablemente, require que se inclúan unha serie de determinacións respecto das estradas provinciais, cuestións que foron incluídas polo Concello no PXOM.
- **A Consellería do Medio Rural e do Mar** a través do **Servizo de Infraestruturas Agrarias**, sinala que non realiza ningunha alegación ao PXOM. Por outra banda, o **servizo de Montes da Coruña** informa sobre os montes xestionados pola Administración que se atopan no ámbito do PXOM e que considera necesaria a protección ou mantemento das masas forestais existentes, aludindo á normativa de aplicación (Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia). Ademais, indica que non constan datos no rexistro de incendios (período 2007-actualidade) dentro do perímetro nin na contorna. Ao respecto, incluíuse na normativa do PXOM a referencia á lexislación de montes sinalada.
- **Portos de Galicia**, nun primeiro momento informa desfavorablemente, xa que considera que as cualificacións do planeamento en relación ao porto de Trazo opóñense ao artigo 56 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante ou que a delimitación da lámina de auga do porto reflectida na cartografía non é correcta. Ademais solicitaba a inclusión na normativa do PXOM dunha normativa transitoria mentres non se redacten os





plans especiais de desenvolvemento dos sistemas xerais portuarios, incluíndo a xestión e tutela das zonas de servizo, os usos permitidos e prohibidos, a altura máxima das edificacións e as normas estéticas. Tamén consideraba conveniente a inclusión dunha prescrición que recollese a obrigatoriedade de que Portos de Galicia informe ante calquera solicitude de licenza municipal que poida afectar ao ámbito. Ao respecto, o Concello de Carballo levou a cabo as modificacións no PXOM, obtendo o correspondente informe favorable.

- **A Consellería de Economía e Industria**, informa sobre os dereitos mineiros vixentes no ámbito municipal, solicita que se inclúan as limitacións que establece o Decreto 402/1996 respecto dos perímetros de protección para o aproveitamento mineiro de augas medicinais existente e que se inclúan as limitacións en aplicación da lei de minas, cuestións que foron incorporadas na normativa do PXOM.
- **A Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar**, de acordo á Lei 22/1988, do 20 de xullo, de costas informa favorablemente pero establece unha serie de consideracións que se deben atender. Solicita que na delimitación do ámbito do Plan especial PE2 "Razo-Arnados" se exclúan os terreos de dominio público e se reubique o equipamento deportivo (campo de fútbol) fóra do dominio público marítimo-terrestre e da súa servidume de protección, e que os instrumentos de desenvolvemento sexan remitidos para a súa aprobación pola Demarcación de Costas en Galicia. En resposta ao anterior, o Concello modificou o PE2. No entanto, o informe alude a un sector de solo urbanizable delimitado industrial na zona de Razo se atopa totalmente afectado pola zona de influencia de 500 m e solicita que a densidade de edificación sexa inferior á media do solo urbanizable delimitado do municipio, de acordo á normativa, ao que o Concello responde que se trata dun erro de interpretación do plano dado que non se contempla ese desenvolvemento.
- **A Dirección Xeral de Aviación Civil**, conforme ao Real Decreto 2591/1998, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, alude á emisión dun informe anterior condicionado a que as construcións ou instalacións previstas, modificacións do terreo ou obxectos fixos non superasen os 100 m sobre o terreo, reiterando novamente a súa consideración. Ao respecto, integrouse na normativa un artigo sobre afeccións do sistema aeroportuario.
- O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, informa a través da **Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas** sobre o cumprimento da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e doutra normativa. Alude aos condicionantes en canto á posible afección de instalacións eléctricas da súa competencia ou da necesidade de valorar o soterramento das liñas en solo rural aínda que o deseño de redes non é competencia municipal, etc. Tamén informa que non percorre ningunha infraestrutura gasística, petrolífera da súa competencia e que a Planificación dos sectores da electricidade e gas 2008-2016 non prevé ningunha actuación no concello. De igual xeito, emitiu informe a **Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información**, de conformidade coa Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, informando sobre a normativa de aplicación, a prohibición de instalar antenas e estacións base de telefonía móbil no casco urbano, ou da necesidade de adoptar medidas de minimización de impacto visual das instalacións de radiocomunicación. Así mesmo, o **Ministerio de Defensa** informa da inexistencia de bens afectados ou desafectados no Concello, mentres que o **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, aos efectos do artigo 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, solicita que se recoñeza un aproveitamento lucrativo (edificabilidade e uso) da casa cuartel da Guarda Civil incluída como sistema xeral no PXOM.

Ademais, durante o período que estivo exposto o documento de aprobación inicial do Plan recibíronse **1.939 alegacións** no rexistro municipal, das cales a maioría fan referencia a parcelas que solicitan o cambio de clasificación (1.267), seguida das de inclusión da totalidade da parcela (289) e modificación das condicións edificatorias contidas nas ordenanzas (228). Do total de alegacións recibidas, 546 alegacións foron estimadas totalmente, 481 foron estimadas parcialmente





e 912 foron desestimadas. Deste conxunto de alegacións, achegáronse por parte do promotor **5 con contido ambiental**, referentes á inclusión dun río no núcleo de Arnados, da corrección na delimitación do elemento natural "Ribeira da Pena" e do Bosque do Añón, da corrección no percorrido no Rego de Porriños en Razo e unha alegación da Asociación Verdegaia (que foi considerada como público interesado) en relación á canteira de Santa Lucía, solicitando que se inclúan os terreos do perímetro de dita canteira como afectados por risco de contaminación e se recolla dito risco de contaminación, e que o PXOM clasifique a área de protección da xacida arqueolóxica XA-045, Castro de Brea, como solo rústico de protección patrimonial, especificando que o elemento foi destruído. As catro primeiras alegacións foron estimadas, mentres que a de Verdegaia foi desestimada.

2.3. Valoración sobre a calidade do ISA

A **Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental** emitiu un informe sobre a calidade do ISA no que se realizaron unha serie de observacións sobre o seu contido, que fan referencia á análise da situación actual (considerar a zonificación acústica, a ampliación da Rede Natura, ampliar o estudo da paisaxe, a análise de riscos e completar a identificación dos hábitats con aqueles que non están dentro da Rede Natura); á xustificación da compatibilidade do PXOM cos principais plans, programas e estratexias vixentes; á inclusión de obxectivos ambientais relacionados coas variables de sustentabilidade; á descrición das alternativas con máis detalle incluíndo unha valoración cualitativa; a completar a identificación dos efectos considerando os desenvolvementos propostos, e ampliar o deseño de medidas relacionándoas con cada un dos efectos detectados; así como tamén se consideraron aspectos relacionados co plan de seguimento, a viabilidade económica, a análise de coherencia e o resumo non técnico.

Atendendo ao exposto, modificouse o ISA coa meirande parte dos aspectos anteriormente mencionados: engadíronse novos elementos á análise da contorna, completouse o estudo da paisaxe, realizouse un estudo acústico no que se identificaron as zonas de conflito, analizouse a conectividade, xustificouse a compatibilidade do Plan cos obxectivos, determinacións e criterios dos plans, programas e estratexias vixentes, incluíronse obxectivos de carácter ambiental encamiñados a manter ou potenciar a funcionalidade dos elementos estratéxicos identificados e realizouse unha valoración máis completa da análise de alternativas. No entanto, cuestións como a identificación e valoración dos efectos asociados principalmente aos novos desenvolvementos, pero tamén ao solo urbano e aos núcleos rurais, así como a proposta de medidas preventivas e correctoras, poderían terse desenvolvido con maior detalle xa que resultan excesivamente xerais, non establecendo unha correspondencia clara entre cada efecto detectado e as medidas propostas para minimizalo. Cómpre mencionar, por último, que o PXOM establece un plan de seguimento que integra todas as variables de sustentabilidade mediante o sistema de indicadores proposto no DR, e considera a participación do órgano ambiental, establecendo o envío cada catro anos dun informe de seguimento que incluírá o resultado anual do sistema de indicadores.

3. ANÁLISE DA PREVISIÓN DE EFECTOS SIGNIFICATIVOS DO PLAN

A continuación aválase a integración dos criterios ambientais no planeamento para cada unha das variables afectadas, establecéndose as consideracións necesarias, as cales derivan, no seu caso, en determinacións ambientais para garantir un desenvolvemento sustentable e acorde cos obxectivos do Plan.

Ocupación do territorio

En relación á **ocupación do solo** no Concello, cómpre lembrar que segundo a determinación 3.1.5.d) das DOT os instrumentos de planeamento urbanístico priorizarán a compactación das cidades, vilas e núcleos existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural, mediante operacións de rehabilitación, reforma e consolidación no seu interior". Tendo en conta a presenza





de entramados inacabados na vila de Carballo, tal e como recolleu o Instituto de Estudos do Territorio no seu informe emitido o 09.12.2014, o PXOM debería promover como un dos obxectivos prioritarios o remate das tramas urbanas existentes; para isto, deberíanse **priorizar no tempo as actuacións urbanísticas de remate e acabado interior** fronte as que supoñen un crecemento ou expansión do núcleo urbano.

No documento de referencia (DR) emitido o este órgano ambiental esixía que o Plan fixera unha estimación da necesidade de vivenda e xustificase a clasificación das numerosas bolsas de solo urbanizable, tendo en conta o principio de utilización racional do solo recollido na LOUG. A este respecto tamén se ha de considerar o que establece a determinación 3.1.4 das DOT¹. No PXOM aprobado inicialmente a capacidade residencial proposta excede as necesidades previsibles² (30.002 vivendas, o que supón máis de 12.000 novas vivendas). Porén, o promotor xustifica o exceso de solo urbanizable na intención da manter a clasificación e os aproveitamentos urbanísticos derivados do Plan xeral aprobado no ano 2003, considerando o escaso lapso de tempo entre a súa entrada en vigor e o inicio da súa revisión así como para evitar a responsabilidade da Administración se se producen prexuízos aos cidadáns como consecuencia dos cambios introducidos e das limitacións impostas á actividade urbanística polo novo planeamento.

Tamén foron considerados os **riscos** naturais e tecnolóxicos existentes no Concello, identificados na análise de riscos e plasmados no correspondente mapa de riscos. Ao respecto, destacar que no municipio de Carballo o principal risco é o de inundación, o cal se reflicte na presenza de varias ARPSI e zonas inundables recollidas no documento. Segundo os mapas provisionais de perigosidade e risco de inundación que fixo públicos a Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, parte do entramado da vila de Carballo (solo urbano consolidado e non consolidado) e do sector urbanizable S-I4 están inseridos na zona de fluxo preferente do río Anllóns, así como tamén parte dos sectores S-R6 e S-I1 na zona de fluxo preferente de rego da Balsa. O Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC; www.planhidroloxico-gc.com) limita especialmente os usos en zona de fluxo preferente (artigos 42 e 43 da normativa) co obxecto de minimizar os efectos negativos das inundacións sobre as persoas, os bens e o medio. Así pois, a proposta de planeamento no solo urbano e o desenvolvemento dos sectores mencionados deberán aterse ás prescricións recollidas tanto no PHGC como no informe preceptivo que debe emitir o órgano sectorial competente (Augas de Galicia).

Natureza

O Concello de Carballo contén numerosas zonas con valor ambiental como os espazos da Rede Natura e da Rede galega de espazos protexidos, espazos de interese definidos polo POL, hábitats de interese comunitario, masas arbóreas de interese, humidais incluídos no IHG, árbores senlleiras, etc. A ordenación proposta clasifica estes espazos nalgunha categoría de solo rústico de especial protección, principalmente solo rústico de especial protección de espazos naturais, xustificando aqueles casos nos que non é así, como no caso dos humidais Carballo-1 e Carballo-2.

Por outro lado, non se considerou o establecido nos plans de recuperación e conservación da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitanica Steinbacher*), e a pillara das

¹ Determinación 3.1.4. Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico que prevexan o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial deberán fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido na súa estratexia de actuación que, a tal efecto, deberá fundamentarse nas previsións do ritmo da evolución das condicións sociodemográficas e socioeconómicas do seu ámbito de influencia.

Ademais, deberán cuantificar e analizar o parque actual de vivenda e o seu estado de conservación, incluíndo as vivendas baleiras e sen uso e valorar as medidas que, de ser o caso, haxa que adoptar para a substitución ou a mellora de edificacións non habitables ou ruinosas, así como de estímulo á rehabilitación.

² Así o pon de manifesto a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no seu informe emitido o 03.02.2012, previo á aprobación inicial do PXOM.





dunas (*Charadrius alexandrinus*), incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, en relación á presenza destas especies no termo municipal. Do mesmo xeito, non se integraron as determinacións do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran as zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, no que respecta aos espazos naturais ZEC, ZEPA e hábitats de interese comunitario presentes no Concello.

En relación aos **efectos** potenciais da proposta do Plan sobre estes aspectos, cómpre destacar as seguintes cuestións:

- **Solo urbanizable industrial S-I2:** a súa delimitación coincide parcialmente coa superficie dunha tesela que contempla a presenza do hábitat prioritario 4020* (uceiras húmidas atlánticas de zonas tépedas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*), segundo a cartografía do atlas de hábitats naturais e seminaturais de España. Na cartografía do Plan identificouse dito hábitat, clasificando a área que queda fóra do S-I2 como solo rústico de protección dos espazos naturais. Dado que non se achegan estudos de campo que verifiquen a presenza ou ausencia de dito hábitat nesa zona, atenderase ao establecido no punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, relativo ás medidas necesarias para evitar o deterioro ou a contaminación dos hábitats situados fóra da rede Natura 2000, así como ao establecido na ficha do sector recollida no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia, concluíndo que o instrumento de desenvolvemento que execute esta actuación (Plan Parcial) deberá comprobar a posible presenza do hábitat 4020* e, en función dos resultados obtidos, avaliar a incidencia da actuación sobre el, propoñendo, segundo corresponda, as medidas de mitigación, corrección ou compensación oportunas.
- As actuacións planificadas como espazo libre e zona verde para executar os **parques urbanos do río Anllóns e da Cristina (SX-EL 1 e SX-EL 2)**, consistentes en proxección de sendas, accesos rodados, paseo fluvial ou aparcadoiros, previsiblemente terán efectos sobre hábitats de interese comunitario (3260, 6430, 91 E0* no caso do SX-EL 1 e no caso do SX-EL 2 os hábitats 3260, 4030, 6410, 6430, 6510 e 91E0*, asociados ao ZEC río Anllóns, e fóra de dito ZEC os hábitats 3150, 4020*, 4030 e 9230) por ocupación, desnaturalización, fragmentación e alteración dos seus compoñentes. Polo que para prever e minimizar ditos efectos, deberá atenderse ao seguinte:
 - O Plan especial PE-3 "Río Anllóns", que desenvolverá o parque urbano SX-EL 1, deberá ter en conta o establecido no punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007 e en consecuencia, tanto o seu deseño como as actuacións que o desenvolvan e concreten, deberán procurar a integración no parque das representacións dos hábitats naturais existentes dentro do mesmo, minimizando as afeccións sobre eles, e pular polo mantemento dos procesos ecolóxicos e continuidade espacial dos mesmos promovendo, en suma, un uso público ordenado e compatible coa conservación dos devanditos hábitats.
 - O Plan especial PE-4 "A Cristina" que desenvolverá o parque urbano SX-EL 2, ademais de ter en conta o anterior para os ámbitos situados fóra do ZEC "río Anllóns", deberá considerar, para os ámbitos situados dentro dos límites do antedito espazo natural protexido, tanto a nivel do seu deseño, como das actuacións que o desenvolvan e concreten, as determinacións que a este respecto constan no Decreto 37/2014, do 27 de marzo, entre as que cabe subliñar as contidas nos seguintes artigos: 13.1.5.1; 33.2.b; 33.2.c; 34.2.a; 36.2.b; 36.2.f; 39.2.c; 39.2.d; 40.2.c; 40.2.e; 40.2.g; 43.3.b; 43.3.c; 43.5.b; 43.5.f; 60.2.a; 60.2.b; 60.2.g; 60.2.h; 60.2.j.2; 60.2.j.3 e 60.2.j.4.
- O **Plan especial PE-1 "A Pedra do Sal"** queda totalmente integrado dentro dos límites ZEC-ZEPVN "Costa da Morte" e ZEPA "Costa da Morte Norte", Segundo o Plan Director da Rede Natura existen neste ámbito representacións dos hábitats de interese comunitario 2120, 2130*, 2190, 4020*, 4030, 6220*, 6410, 6430, 6510 e 91E0*, sendo o hábitat prioritario dominante o 2130*, cuns 61.000 m². Ademais, trátase dun ámbito cualificado como "Área de Presenza" para





Emberiza schoeniclus lusitanica, segundo recolle o Decreto 75/2013, do 10 de maio e lindante, polo seu borde oeste – sueste, cun “Área Prioritaria” para esta mesma especie e cun “Área de Presenza” para *Charadrius alexandrinus*, segundo recolle o Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, onde tamén consta tanto a invernada como a reprodución da especie. Engadir, asemade, que se sitúa parcialmente (a súa parte oeste e norte) sobre un ámbito cualificado como “Área Prioritaria” para *Burhinus oedicnemus*, “Área de Presenza” para *Tetrax tetrax* e “Área Prioritaria” para *Omphalodes littoralis gallaecica*, segundo sinalan as propostas técnicas dos Plans de Recuperación das devanditas especies, en estudo por parte da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. En conclusión, procede sinalar o seguinte:

- O Plan especial PE-1 deberá considerar, tanto a nivel do seu deseño, como das actuacións que o desenvolvan e concreten, as determinacións que a este respecto constan no Decreto 37/2014, entre as que cabe subliñar as contidas nos seguintes artigos do mesmo: 12.1.5.1; 12.2.5.1; 33.2.a; 33.2.b; 33.2.c; 34.2.a; 36.2.b; 36.2.f; 39.2.a; 39.2.b; 39.2.c; 39.2.d; 40.2.b; 40.2.c; 40.2.d; 40.2.e; 42.3.a; 42.5.c; 42.5.i; 42.5.j; 42.5.k; 49.5.a; 49.5.e; 53.5.b; 53.5.c; 60.2.a; 60.2.b; 60.2.g; 60.2.h; 60.2.j.2; 60.2.j.3; 60.2.j.4; 65 e 66.
- O Plan especial PE-2 “Razo-Arnados” está formado por dous ámbitos (oeste e leste) situados, respectivamente, fora e dentro dos límites da ZEC “Costa da Morte” e da ZEPA “Costa da Morte Norte”. No ámbito oeste existen, segundo o Plan Director da Rede Natura 2000, os hábitats 3260, 4030, 6410, 6430 e 6510, e ademais no seu límite norte linda cunha área de presenza de *Charadrius alexandrinus*, segundo recolle o Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, onde consta tanto a invernada como a reprodución da especie. O ámbito leste sitúase na súa meirande parte, dentro dos límites dos anteditos espazos naturais protexidos, nun ámbito cualificado polo Plan Director da Rede Natura 2000 como “Zona – 1: Área de Protección”, zonas onde, segundo o mesmo Plan Director, existen representacións dos hábitats 2120, 2130*, 2150*, 2190, 3260, 6220*, 6410, 6430, 6510 e 91E0*. Ademais, trátase dun ámbito cualificado como “Área de Presenza” para *Charadrius alexandrinus*, segundo recolle o Decreto 9/2014, onde consta tanto a invernada como a reprodución da especie e, asemade, correspóndese tamén cun ámbito cualificado como “Área de Presenza” para *Emberiza schoeniclus lusitanica*, segundo recolle o Decreto 75/2013, mentres que o seu extremo leste coincide cun ámbito cualificado como “Área Prioritaria” de *Omphalodes littoralis gallaecica*, pola proposta técnica do Plan de Recuperación da devandita especie, en estudo por parte da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. En conclusión, procede sinalar o seguinte:
- O Plan especial PE-2 deberá considerar para a parte integrada dentro dos límites do ZEC “Costa da Morte” e da ZEPA “Costa da Morte Norte”, as determinacións antes indicadas para o PE-1; mentres no que respecta aos ámbitos situados fora dos límites destes espazos protexidos, o Plan especial deberá ter en conta o establecido polo punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, polo que tanto o seu deseño, como as actuacións que o desenvolvan e concreten, deberán procurar respectar as representacións dos hábitats naturais existentes dentro do mesmo, minimizando as afeccións sobre eles e pular polo mantemento dos procesos ecolóxicos e continuidade espacial dos mesmos, promovendo un uso público ordenado e compatible coa conservación dos devanditos hábitats.

Ao respecto dos ámbitos recollidos polas propostas técnicas de zonificación de especies ameazadas deberase considerar o sinalado no informe da D.X. de Conservación da Natureza

Por último e en relación co anterior, faciase mención no referido informe á probable presenza, nas charcas de auga formadas nas **antigas minas de Brea**, de anfibios entre os que se atopan especies protexidas como a *Chioglossa lusitanica*, *Hyla arborea*, *Rana iberica* e/ou *Rana temporaria*. En consecuencia, estímase que calquera actuación que se pretenda desenvolver no seu ámbito, deberá ter en conta a posible presenza das especies sinaladas, procurando minimizar as afeccións sobre as mesmas en caso de que se determine a súa presenza e, en todo caso, deberá ser informada pola D.X. de Conservación da Natureza.





Paisaxe

As zonas con maior potencial paisaxístico definidas no estudo da paisaxe son as ladeiras con maior exposición visual na zona costeira do Concello, que coinciden coas delimitadas polo POL como “espazos de interese” e foron clasificadas como solo rústico de protección paisaxística. Do mesmo xeito, as unidades con maior valor paisaxístico son as unidades paisaxísticas da costa (Leira, Baldaio, Razo e Santa Mariña) e nelas a meirande parte do solo está clasificado como solo rústico de protección de espazos naturais ou solo rústico de protección paisaxística.

O POL delimita ademais dous **ámbitos de recualificación** en Razo-Arnados e en Baldaio-Pedra do Sal. No primeiro deles existen edificacións ocupando solos vinculados aos ecosistemas costeiros o que implica unha alteración das condicións naturais, ambientais e paisaxísticas do ámbito, polo que o obxectivo é frear estes procesos de ocupación e racionalizar os usos do solo, así como realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística do espazos público e mellorar a fachada marítima. No caso de Baldaio-Pedra do Sal son edificacións tras a zona de dunas, e o obxectivo é evitar crecementos espontáneos desvinculados dos núcleos tradicionais que supoñen unha presión urbanística no sistema de dunas e unha barreira visual. Nestes ámbitos o Plan establece a obriga de tramitar os correspondentes **plans especiais de protección** co fin de dar cumprimento aos obxectivos que o POL establece para cada un deles e poder recuperar as áreas degradadas, mellorar e rematar as estruturas existentes e poder implantar infraestruturas, dotacións e accesos. Así, no núcleo rural común que conforman o **asentamento de Pedra do Sal e a urbanización “O Pinar” redactarase un plan especial** que regule a posición da edificación e os usos e edificacións permitidos na zona de servidume de costas así como o tratamento da fachada marítima; e no núcleo rural complexo de **Arnados propónse un plan especial de protección e lindando con este delimitanse tres actuacións integrais** que recollen os baleiros interiores do núcleo para rematar as tramas existentes e mellorar a accesibilidade á zona. Ao respecto, o Instituto de Estudos do Territorio considera que en toda esta zona do ámbito de recualificación debería estudarse en detalle a ordenación da fachada costeira e indica que o plan especial de protección proposto non inclúe a franxa máis próxima á costa nin as tres actuacións integrais, das cales valora que poden agravar o impacto paisaxístico existente. Polo tanto, recoméndase establecer un único plan especial no que se detalle a estratexia global de desenvolvemento. (así o sinala o IET no informe emitido o 09.12.2013). O dito plan especial terá como un dos seus obxectivos principais a mellora e a integración paisaxística, tanto no que se refire á relación do núcleo coa praia como á calidade do espazo público interior.

Patrimonio

O PXOM inclúe un Catálogo no que se identifican os elementos patrimoniais existentes no Concello de Carballo (bens arqueolóxicos, arquitectónicos, relixiosos e etnográficos), onde aparece a súa descrición e grao de protección, permitindo a adecuación da ordenación proposta e mellorando a súa posta en valor. En relación á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o último informe emitido con data 16.06.2014 é favorable condicionado a que se incorporen ao documento definitivo unha serie de cuestións.

Mobilidade

O núcleo urbano concentra máis da metade da poboación municipal, onde se localizan os principais servizos e equipamentos. Os novos desenvolvementos urbanísticos de tipo residencial fórmulanse tamén nas inmediacións da vila de Carballo, con algunha excepción como os sectores de solo de núcleo rural a desenvolver no núcleo costeiro de Arnados. En relación aos novos desenvolvementos de tipo industrial, concéntranse xunto ao polígono empresarial de Bértoa, que conta con boas comunicacións ao localizarse xunto a AG-55. En xeral, os desenvolvementos urbanísticos de maior envergadura sitúanse xunto a estrada AC-552, por onde discorren as principais liñas de transporte público. A proposta contempla, ademais, rematar viarios dentro da trama urbana iniciados en





anteriores planeamentos, así como circunvalacións como a variante de Carballo, que eliminará a presión do tráfico no interior do núcleo urbano; tamén está prevista a vía de alta capacidade Carballo- Berdoias, a mellora da mobilidade na área litoral proxectando unha rede viaria que alivie a conxestión da DP-1902, a execución de conexións e reforzos de estradas provinciais para a mellora da comunicación entre os núcleos, etc.

Así, tendo en conta os efectos negativos que suporá a execución dos novos desenvolvementos de tipo residencial, industrial e terciario, nas medidas propostas polo Plan incluíuse a de realizar un estudo de tráfico de vehículos cando se alcance un consumo superior ao 50% da edificabilidade máxima prevista no Plan. Tamén se promoven o uso de modos alternativos de transporte ao vehículo privado motorizado, a través do deseño de itinerarios de mobilidade contemplando o uso de transporte colectivo, en bicicleta ou peonil.

Energía

Os desenvolvementos previstos na proposta terán un efecto negativo como consecuencia dun aumento da demanda e consumo enerxético, se ben no documento afirmase que o modelo proposto favorece unha redución das necesidades enerxéticas ao compactar as zonas edificadas. Inclúense medidas moi xerais para reducir o consumo de enerxía e o aumentar a eficiencia, como a utilización de luminarias de baixo consumo nas novas urbanizacións. Estas medidas foron trasladadas á normativa do PXOM co fin de garantir a súa integración nas actuacións urbanísticas que se desenvolvan.

Atmosfera

O ISA inclúe como anexo un **estudo de zonificación acústica** no que, tras detallar os aspectos máis relevantes da normativa de aplicación, indica que se levou a cabo a zonificación do territorio remitindo aos planos que se xuntan co estudo, inclúe unha táboa cos obxectivos de calidade acústica (que se incorporaron na normativa do Plan para garantir o seu cumprimento) e se achega unha análise dos resultados sobre as diferentes áreas acústicas, indicando a continuación as seguintes **zonas de conflito** detectadas:

- Zona 1: localizada ao norte do casco urbano, entre o S-R3, o T-1 e o polígono industrial de Bértoa.
- Zona 2: localizada ao oeste, entre o núcleo rural do Sixto, o urbanizable S-I3 e a autoestrada AG-55.
- Zona 3 ao sur do casco urbano, na marxe da estrada AC-552 xunto ao S-T2.

Nestas zonas non se propoñen medidas concretas senón que se establece que será no momento do desenvolvemento de cada un dos sectores cando se deberán establecer as medidas correctoras necesarias en materia de protección sonora.

Ao respecto do anteriormente exposto, cómpre facer as seguintes consideracións:

- Nos mapas de zonificación acústica (dende o SV-06a ata o SV-06h) non se corresponden os usos previstos para as distintas áreas (definidos na lenda) cos usos predominantes grafados en ditos mapas, polo que deberán corrixirse. Por exemplo, obsérvase que todos os solos urbanizables están representados cunha mesma cor que se correspondería coa área acústica de tipo D (actividades terciarias), cando deberían estar definidas polo seu uso previsto predominante (área A para uso residencial, B para uso industrial ou D para uso terciario). Entre outros erros a destacar, a zona norte do polígono industrial de Bértoa delimitouse adecuadamente cunha área acústica B (uso industrial) pero a zona sur se encontra grafada como área acústica tipo G (espazos naturais que requiran protección especial).
- Atendendo ao establecido no artigo 14 do Real Decreto 1367/2007 do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación





acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, nos sectores urbanizables o obxectivo de calidade acústica será a non superación do valor que lle sexa de aplicación á táboa A do anexo II, diminuído en 5 decibelios. Este artigo recolleuse na normativa que se inclúe no estudo acústico realizado, pero non foi tido en conta no Plan para o establecemento das zonas de conflito, polo que deberá integrarse xa que pode condicionar o establecemento das medidas preventivas e correctoras que garantan o cumprimento dos obxectivos acústicos nestas zonas.

- No caso das medidas correctoras para a zona 1 de conflito, dado que se achega a ordenación detallada do sector S-R3, deberían estar definidas con maior nivel de detalle e incluídas no Plan parcial de dito sector, lembrando que os obxectivos definidos para este sector residencial deberán diminuírse en 5 decibelios. Nas outras zonas de conflito deberá incluírse nas fichas de desenvolvemento dos sectores afectados a obrigatoriedade de establecer medidas correctoras que garantan o cumprimento dos obxectivos correspondentes.

No ISA recóllese outras medidas encamiñadas a minimizar outros efectos potenciais negativos derivados do desenvolvemento urbanístico do solo urbanizable como a contaminación lumínica, se ben a meirande parte delas fan referencia ao cumprimento da normativa sectorial e de referencia.

Ciclo hídrico

De conformidade coas determinacións 3.1.5.g) e 4.8.14 das DOT, o Plan identifica as infraestruturas de abastecemento e saneamento existentes no Concello e avalía a súa capacidade. No informe de Augas de Galicia indícase que o sistema de abastecemento municipal ten unha capacidade adecuada para as necesidades actuais, pero encóntrase cerca do límite da súa capacidade, polo que un incremento da demanda esixirá realizar actuacións de mellora na infraestrutura existente, sendo a capacidade suficiente a curto prazo, correspondendo ao primeiro cuatrienio de vixencia do PXOM as posibles novas actuacións. Con respecto ao saneamento, todas as EDAR están suficientemente dimensionadas para os incrementos previstos no PXOM coa excepción da EDAR de Carballo, que deberá ser ampliada a partir do segundo cuatrienio ata unha capacidade duns 55.000 habitantes equivalentes.

Ciclo de materiais

O desenvolvemento do Plan prevese un aumento na xeración de residuos, tanto urbanos como comerciais, polo que se establecen medidas dirixidas a garantir unha correcta xestión nas diferentes fases (obras e explotación) e que na meirande parte dos casos constitúen aspectos propios da normativa sectorial de residuos.

4. DETERMINACIÓNS FINAIS

En coherencia cos principios da avaliación ambiental estratéxica e para favorecer unha adecuada integración dos aspectos ambientais no desenvolvemento do PXOM, a maiores das medidas recollidas no informe de sustentabilidade ambiental deberán terse en conta as seguintes determinacións:

1. En relación ao risco de inundación presente no Concello, deberán actualizar a documentación presentada incorporando os mapas provisionais de perigosidade e risco de inundación que fixo públicos a Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa. Así mesmo, dado que parte do entramado da vila de Carballo (solo urbano consolidado e non consolidado) e dos sectores urbanizables S-I4, S-R6 e S-I1 están inseridos en zonas de fluxo preferente, a proposta de planeamento no solo urbano e o desenvolvemento dos sectores mencionados deberán aterse





ás prescricións recollidas tanto no PHGC como no informe preceptivo que debe emitir Augas de Galicia.

2. O Plan Parcial do sector de solo urbanizable industrial S-I2, os Plans Especiais dos parques urbanos do río Anllóns (PE-3) e da Cristina (PE-4) e os Plans Especiais de Pedra do Sal (PE-1) e de Razo-Arnados (PE-2), deberán desenvolverse de acordo ás consideracións establecidas nesta memoria, integrando ditas consideracións nas correspondentes fichas de desenvolvemento, debendo contar previo á súa execución co informe favorable da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.
3. No caso das charcas de auga formadas nas **antigas minas de Brea**, calquera actuación que se pretenda desenvolver no seu ámbito, deberá ter en conta a probable presenza de anfibios entre os que se atopan especies protexidas como a *Chioglossa lusitanica*, *Hyla arborea*, *Rana iberica* e/ou *Rana temporaria*, polo que se minimizarán as afeccións sobre as mesmas en caso de que se determine a súa presenza e, en todo caso, deberá ser informada pola D.X. de Conservación da Natureza.
4. Deberanse integrar no documento definitivo as **condicións establecidas no informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural** con data 16.06.2014.
5. En relación ao **estudo acústico**, deberán corrixirse os mapas de zonificación acústica e incluír os obxectivos acústicos para os sectores urbanizables atendendo ao establecido no artigo 14 do Real Decreto 1367/2007 do 19 de outubro. Así mesmo, deberán definirse con detalle nesta fase as medidas para a zona 1 de conflito, xustificando o cumprimento dos obxectivos no ámbito S-R3, aspectos que deberán quedar recollidos na normativa do Plan parcial de dito sector.

5. MEDIDAS DE SEGUIMIENTO AMBIENTAL

Segundo o artigo 15 da Lei 9/2006, do 28 de abril, o Concello ten a responsabilidade de realizar o seguimento dos efectos no ambiente resultantes da aplicación e execución do PXOM.

O plan de seguimento terá como obxectivo identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e poder levar a cabo as medidas axeitadas para poder evitalos. Asemade servirá para verificar o grao de consecución dos obxectivos propostos polo Plan e o respecto ao medio na execución do planeamento de desenvolvemento.

De conformidade co anterior, o ISA inclúe un plan de seguimento ambiental baseado nun sistema de indicadores cuxos resultados deberán remitirse ao órgano ambiental cada catro anos coincidindo coa programación do Plan por cuadrienios.

Respecto á redacción dos informes de seguimento, co fin de facilitar a participación do órgano ambiental, recoméndase establecer unha estrutura que permita a súa comparativa ano tras ano. En canto ao seu contido, sería conveniente que incluírán un breve resumo da situación urbanística respecto á programación prevista, unha análise de indicadores que avalíe o grao de cumprimento dos obxectivos do Plan e valore as medidas propostas e a necesidade doutras novas; así como unhas conclusións xerais sobre o proceso levado a cabo, as dificultades xurdidas e a sustentabilidade do Plan.





PROPOÑO

Considerando o sinalado nos apartados anteriores, para poder valorar a integración dos aspectos ambientais e concluír que non é previsible que se produzan efectos adversos significativos, considérase que o *Plan xeral de ordenación municipal do Concello de do Concello de Carballo*, deberá incorporar as determinacións establecidas nesta Memoria Ambiental.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2014

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental

Margarita Segade Castro

Conforme:

O subdirector de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón



RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, RESOLVO formular a Memoria Ambiental do PXOM de Carballo en cumprimento do disposto no 12 artigo da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

Esta resolución farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (www.cmati.es) e será remitida ao Concello de Carballo para su consideración previa aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal

Previa aprobación definitiva do Plan, elaborárase un informe sobre como foron integrados os aspectos expostos na memoria ambiental, o cal lle será remitido, xunto coa documentación do Plan, ao órgano competente para resolver sobre a aprobación definitiva, encargado de velar pola adecuada incorporación ao Plan destas determinacións, segundo se indica no artigo 85.7 da LOUG.

Finalmente, segundo o disposto no artigo 14 da Lei 9/2006, do 28 de abril, unha vez aprobado o Plan definitivamente, o Concello de Carballo remitirá a esta Secretaría Xeral a seguinte documentación en soporte dixital:

- A. Plan aprobado.
- B. Unha declaración que resuma os seguintes aspectos:
 - De que modo foron integrados no Plan os aspectos ambientais.
 - Como se tomaron en consideración o ISA, os resultados das consultas, a Memoria ambiental, así como, cando proceda, as discrepancias xurdidas no proceso.
 - As razóns da elección do Plan aprobado, en relación coas alternativas consideradas.
- C. As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio.
- D. Un resumo non técnico sobre a documentación contida nos puntos B e C.

O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Justo de Benito Basanta

